# Follas novas

**Edita**
© Consello da Cultura Galega, 2015
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

**Imaxe da cuberta**
*Follas novas,* Casa Erviti, San Sebastián / Logroño, 193-?

**Proxecto gráfico**
Imago Mundi Deseño

**Maquetación e impresión**
Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Depósito Legal: C 835-2015
ISMN 979-0-9013197-5-2

LUIS RAFAEL BRAGE VILLAR

# Follas novas

## Rapsodia galega para banda sinfónica

Estudo, revisión e edición de David Ferreiro Carballo

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

(a t)
autores & textos

autores & textos

# Índice

8 **PRESENTACIÓN**
Maximino Zumalave Caneda

10 **LIMIAR**
Ángel Antonio Montes Abalde

13 **ACHEGAMENTO AO COMPOSITOR E ESTUDO DA OBRA**
David Ferreiro Carballo

27 ***FOLLAS NOVAS***
***RAPSODIA GALEGA PARA BANDA SINFÓNICA***
Luis Rafael Brage Villar

# Presentación

A música para banda forma parte imprescindible da nosa paisaxe sonora. Na maioría dos casos asociada no noso pensamento aos días de festa. Oír o repique das campás e escoitar os concertos de domingo da banda é/era a sensación sonora das mañás dos días festivos nas cidades. Pero tamén resultaría imposible non establecer esta asociación de música e día de festa nas festas patronais das nosas pequenas poboacións de interior ou costeiras nas que as bandas, ás veces formadas por un número exiguo de instrumentistas, percorrían aldea tras aldea tocando pasacalles e transmitindo a través do seus sons instantes da ledicia tan necesaria na vida. Para moitas das persoas que as escoitaban, banda chegou a ser sinónimo de música. (Lémbrome da conversa oída perante un pequeno traxecto en autobús por Santiago na que unha señora comentaba con outra as festas da súa parroquia: «houbo unha *música* e dúas orquestras»).

Nestas escolas prácticas de educación musical que foron as bandas de música espalladas por toda a xeografía galega, comezaron os seus estudos musicais moitos dos nosos mellores instrumentistas de vento. Hoxe en día, pódese admirar en moitas destas agrupacións musicais —en realidade orquestras de ventos— un excelente nivel de técnica instrumental que, con relativa facilidade, lles permite a incorporación de repertorios con altas esixencias virtuosísticas. Paralelamente, xorden traballos de investigación sobre estas agrupacións, a súa historia, os seus repertorios, os seus directores, moitas veces eles mesmos compositores. De todo isto quedounos constancia na xornada *As bandas de música na cerna da cultura popular de Galicia* realizada o 15 de novembro de 2013 no Consello da Cultura Galega.

Teño presente agora mesmo a intervención, fundada e ata apaixonada, dun músico mozo presente naquela xornada. Emprendedor e cheo de proxectos, lamentaba o complicado que era acceder a obras de referencia do repertorio de música galega para banda. Puxo o exemplo concreto de *Follas novas* de Luis Brage. Precisamente este autor referencial nas bandas de Galicia foi obxecto da investigación realizada por David Ferreiro Carballo como traballo de fin de estudos na especialidade de Musicoloxía, dirixido polo profesor Luís Costa no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Tiven daquela a ledicia de conversar con David e evocar, así, algúns recordos do meu mestre Ángel Brage e da súa interpretación pianística destas *Follas nov*as compostas polo seu irmán maior.

No Consello da Cultura Galega temos hoxe a satisfacción de presentar esta publicación, produto da investigación detallada da vida e obra do mestre Luis Brage. Queremos axudar, deste xeito, á recuperación e difusión do noso patrimonio cultural; que a nosa música siga viva, que soe e transmita esas mesmas sensacións que levaron a varias xeracións a sentirse identificadas como parte do pobo galego.

**Maximino Zumalave Caneda**
Coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas
Consello da Cultura Galega

# Limiar

Ángel Antonio Montes Abalde
CMUS Profesional de Música de Vigo

Se dixera que Galicia conta cun inmenso patrimonio cultural non estaría a descubrir nada novo. Tampouco estaría a descubrir nada se dixera que unha boa parte dese patrimonio cultural o conforma a música, dende a música máis tradicional ata a música das nosas catedrais, pasando polo máis actual panorama do pop ou do jazz galego. Lamentablemente tamén podemos afirmar que boa parte dese patrimonio musical foi destruído, está perdido ou está esquecido nalgún andel dalgún arquivo ou biblioteca pública ou privada.

Aínda que o panorama non sexa moi alentador, é verdade que nos últimos anos acrecentouse o interese pola recuperación desas músicas e deses músicos grazas ao labor impagable de non poucos investigadores. Proba deste afán investigador son os numerosos traballos de doutoramento presentados en Galicia nos últimos anos, así como os traballos fin de carreira dos alumnos de musicoloxía dos nosos conservatorios que afondan na nosa música máis esquecida.

Grazas a un deses traballos fin de carreira, o defendido por David Ferreiro Carballo, puiden coñecer a figura de Luis Rafael Brage Villar. Este personaxe, ao cal nos acercaremos pola súa faceta de compositor, foi ademais un moi importante dinamizador cultural da Ribadavia da súa época. Pero iso non impediu que a represión franquista (Brage era declaradamente republicano) o condenase ao esquecemento e mesmo á cadea. En boa medida, o fantástico traballo de David Ferreiro deu un pouco de merecida luz sobre a figura deste músico, así como das circunstancias do contexto cultural e político do seu momento.

Como continuación do seu traballo, David Ferreiro pretendeu recuperar unha das máis representativas obras para banda de Luis Brage: a rapsodia *Follas novas*. Despois dun traballo de reconstrución moi minucioso, tiven o privilexio de que David Ferreiro me propuxera a súa revisión. Froito desta revisión xurdiu a idea de facer unha adaptación para un modelo de banda máis actual, xa que tanto as bandas de música como a forma de escribir para elas mudou considerablemente dende que *Follas novas* foi escrita. Este xeito «antigo» de escribir fai que, ás veces, esta música teña pouca cabida no repertorio das bandas *modernas* porque a sonoridade non é a axeitada ao noso tempo.

Esta intención de modernizar *Follas novas* fixo necesario modificar o orgánico da banda engadindo instrumentos que non se usaban na época de Brage (clarinete baixo, por exemplo), substituíndo instrumentos (trompas en Mi bemol por trompas en Fa) ou prescindindo dalgún dos instrumentos que estaban na partitura orixinal (como por exemplo o trombón 4º). Ademais, foi necesaria unha simplificación da escritura eliminando divisis ou duplicacións de voces innecesarias. Por último, levouse a cabo unha homoxeneización das dinámicas e dos comportamentos dos diferentes instrumentos e seccións da banda. Todas estas modificacións tiveron sempre como obxectivo último o respecto pola obra orixinal de Brage.

Froito deste esforzo nace esta versión renovada e rexuvenecida de *Follas novas* que teñen vostedes nas mans, e que agardo que sirva tanto para recuperar unha figura da importancia de Luis Brage como para dar azos a que outros investigadores, compositores, musicólogos, etc. devolvan á luz máis e máis obras que merecen ser sacadas dos andeis e postas de novo nos atrís. Para iso se compuxeron.

# ACHEGAMENTO AO COMPOSITOR E ESTUDO DA OBRA

David Ferreiro Carballo

Caricatura de Luis Brage feita por Seoane (Arquivo privado da familia Brage, Palma de Mallorca).

*La hice en dos días, hace ya muchos años...*

Así respondía Luis Brage cando o xornalista lle preguntaba pola data da composición de *Follas novas* nunha entrevista realizada en 1949 para o xornal santiagués *La Noche*[1]. Esta entrevista tivo lugar nun descanso da actuación que o compositor ofreceu en Santiago acompañado por un grupo de alumnas da súa academia da Coruña, entre as que se atopaba a súa filla.

Neses anos, xa moi próximos ao final da súa vida, Brage atopábase nunha especie de limbo de popularidade. Aínda que a represión franquista fixo que fose esquecido dunha forma totalmente imposta, o prestixio e fama que acadara no primeiro terzo do século xx fixeron que ese esquecemento fose só aparente. Brage, que estaba recuperando pouco a pouco o seu recoñecemento e o lugar que lle correspondía por dereito dentro do panorama musical galego, era famoso por dous feitos fundamentais que sobreviviron á censura franquista: o primeiro deles, o fecundo labor que fixo na vila ourensá de Ribadavia á fronte da banda de música *La Lira*, ao converter esta agrupación nun auténtico mito musical do momento; o segundo foi a composición da rapsodia galega *Follas novas.*

*Follas novas* é unha desas obras cuxa entidade acaba sendo ás veces superior á do propio compositor (coñécese a obra pero non o seu autor), xa que a súa difusión, principalmente na súa versión para banda, é amplísima, non só no territorio galego, senón tamén no resto de España e, incluso, no estranxeiro. Porén, só coñeceu unha edición impresa para piano, o que se contradí fortemente coa súa ampla propagación polas bandas de música, por onde circulou en manuscritos e arranxos, cada cal máis diferente que o anterior, e sen que chegase a editarse, que saibamos. Desta forma, coa presente edición, pretendemos acabar con esta carencia ofrecendo unha versión da obra unificada e editada para banda, de xeito que sexa posible a súa interpretación coas agrupacións e instrumentacións actuais que responden á nomenclatura de banda de música sinfónica.

## LUIS BRAGE: UN ESBOZO BIOGRÁFICO E ESTILÍSTICO

Achegarse á figura dun compositor como Luis Brage, sometido a un esquecemento tan profundo, non resultou nada fácil e todos os datos que actualmente manexo sobre a súa persoa foron froito dunha intensa investigación que me permitiu coñecer máis polo miúdo como foi a súa carreira musical. Porén, este non é o sitio para abordar un estudo biográfico profundo, que teño desenvolvido noutro lugar[2]. Limitareime a ofrecer un breve esbozo que nos permita contextualizar o creador da rapsodia que nos ocupa.

Luis Rafael Brage Villar nace en Santiago de Compostela o 19 de novembro de 1886, no seo dunha familia humilde e sendo nese momento o menor doutros dous irmáns. A música estivo pre-

[1] *La Noche,* Santiago de Compostela, 7-12-1949.

[2] David Ferreiro Carballo: *Luis R. Brage Villar. Vida e obra*. Traballo de Fin de Estudos. (Dir.: Prof. Luís Costa Vázquez). Departamento de Musicoloxía, Conservatorio Superior de Música de Vigo. Xuño de 2013. Inédito.

sente na súa casa dende sempre, pois o seu pai desempeñaba unha actividade musical moi intensa na cidade, particularmente no seu posto como clarinetista na capela da Catedral. Anos máis tarde, nace o que xa será o último dos seis irmáns que compoñen a familia, Ángel Brage Villar, quen destacou enormemente como pianista e chegou a ser o primeiro director do Conservatorio de Santiago de Compostela xa oficializado, ademais de inmortalizar o apelido Brage dándolle nome á sala sinfónica do Auditorio de Galicia, tamén en Compostela.

Luis Brage inicia neste contexto a súa aprendizaxe musical, primeiro da man do seu pai e, posteriormente, na Sociedad Económica de Amigos del País da súa cidade co mestre Enrique Lens Vieira[3]. Tras estes anos de formación, comeza a desenvolver un fecundo labor como pianista: participa en diversos concursos e acompaña personalidades importantes do panorama camerístico do momento. Despois de realizar o servizo militar, inicia unha carreira de éxito como pedagogo e director de agrupacións, o que o levará a percorrer as cidades da xeografía galega (Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo) e outras como Melilla e Madrid; nesta última dirixe a orquestra do *Teatro de la Zarzuela de la Corte* (actualmente Teatro de la Zarzuela), que por aquel entón rexentaba o empresario Isaac Fraga, personalidade coa que a familia Brage estivo sempre relacionada.

En 1929, Brage trasládase a vivir á vila ourensá de Ribadavia, onde vai comezar o que será o seu período máis activo e intenso, non só dende o punto de vista musical, senón tamén social. Alén do desenvolvemento cultural que da súa man vai vivir esta vila, Brage vai pasar á historia como o director da súa banda de música (coñecida popularmente como *A Lira*), e convértea, como xa comentamos, nun dos referentes do panorama bandístico da época, prestixio que a agrupación (documentada como a máis antiga de Galicia) aínda posúe na actualidade. En Ribadavia, a música de banda, as representacións líricas de zarzuela, os bailes de salón e as festas de carnaval converteranse, grazas ao impulso de Brage, nas manifestacións artísticas máis importantes dunha vila sumida ata aquel momento nunha forte crise cultural.

O seu labor en Ribadavia córtase drasticamente en 1936, cando se inicia o levantamento militar que deu lugar en España a unha ditadura de case 40 anos. As ideas políticas de Brage, recoñecidas por el mesmo nos poucos escritos que se conservan, foron sempre partidarias do movemento republicano, participando en todo momento na defensa activa do galeguismo. Esta ideoloxía levouno a ser represaliado e, tal e como se recolle nos documentos relativos ao seu consello de guerra[4], foi condenado a morte, sentenza que será conmutada pola de cadea perpetua e reducida posteriormente a 30 anos de cárcere, dos que só cumpre tres (1937-1940), na Prisión Provincial de Ourense.

Cando é posto en liberdade en 1940, trasládase coa súa familia a vivir á Coruña, mais o sambenito da represión vai estar con el para sempre e malamente vai conseguir gañar a vida. Só coa axuda dalgúns amigos forma un pequeno grupo de alumnos e traballa, así, como profesor de música. Os últimos cinco anos vainos pasar na súa cidade natal, Santiago de Compostela, onde morre o 17 de maio de 1959, cando comezaba a recuperar o prestixio que lle correspondía por dereito e a ser recoñecido novamente como un compositor importante para a música galega.

En canto á súa obra musical, despois de catalogar máis dun centenar de obras de Luis Brage, atopámonos co problema de que a maioría das obras coñécense só mediante referencias hemerográficas, programas de concerto ou o rexistro da SGAE. Así, o material conservado é tan escaso que

[3] Pedagogo, compositor e pianista, foi un dos directores da Escola de Música da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela, onde compaxinou a súa profesión como farmacéutico cunha intensa actividade pianística no Casino, organizando orfeóns e estudantinas. Véxase, ao respecto, Xoán Manuel Carreira: «Lens Vieira, Enrique», en Emilio Casares (dir.), *Diccionario de la música española e hispanoamericana*, Madrid, Fundación SGAE, 1999-2002. Vol. 6, p. 860.

[4] Arquivo Militar de Ferrol. Expediente 933/1936, peza separada Luis Brage Villar.

non nos permitiu facer un estudo profundo máis alá das súas obras para banda, xénero compositivo do que se conservan máis documentos do autor.

En liñas xerais, tal e como se desprende do material musical conservado e analizado, podemos falar dun estilo compositivo sinxelo, no que o compositor emprega sempre melodías tradicionais cunha harmonización simple, sen grandes xiros tonais e cos recursos propios do romanticismo nacionalista no que se formou. Ademais, entendemos que o seu estilo non evolucionou máis porque non tivo a necesidade de facelo, pois as súas composicións satisfacían por completo as demandas do público para o que traballaba, un público pouco instruído en música que buscaba maiormente o entretemento. O elemento galeguista é unha constante nas súas composicións e os temas populares sucédense continuamente harmonizados ao xeito tonal clásico pero coas reminiscencias modais do folclore galego.

Todos estes elementos dos que acabamos de falar e que definen o estilo compositivo de Brage pódense ver perfectamente en *Follas novas*, unha rapsodia que debe ser considerada a súa obra máis importante, non só pola calidade musical que posúe, senón tamén polo seu significado cultural e ideolóxico. *Follas novas* é, sen lugar a dúbidas, a expresión musical da forma de pensar, da ideoloxía de Luis Brage.

## O XÉNERO RAPSÓDICO

O xénero rapsódico pode ser atopado tanto no repertorio para banda de música como no de orquestra sinfónica, pois o emprego de temas e melodías de corte popular como elemento estrutural da obra foi un recurso moi empregado na creación musical culta dende mediados do século XIX, se ben é certo que o uso do material popular e folclórico é unha práctica documentada dende o século XV, durante o Renacemento.

Luís Costa, na súa edición da rapsodia galega *A noite do Santo Cristo*[5], explica moi ben o papel que tivo na nosa rexión o emprego da composición musical rapsódica, dicindo que en Galicia o uso de materiais musicais tomados da tradición oral proporcionou o alicerce máis sólido sobre o que fundamentar unha tradición autóctona para a música culta. A falta de orquestras sinfónicas, foron as bandas de música as encargadas do desenvolvemento deste xénero puramente instrumental, un desenvolvemento que se viu acentuado pola grande aceptación social que experimentou.

Os exemplos máis emblemáticos do xénero rapsódico en Galicia aparecen na década de 1920, destacando *Airiños Aires* e *Festa na Tolda*, de Gustavo Adolfo Freire; *A Lenda de Montelongo*[6], de Bernardo del Río; e, por suposto, *Follas novas,* de Luis Brage. Formalmente non presentan unha estrutura sólida, e os temas elixidos polo compositor sucédense obedecendo a un criterio de contraste agóxico e de carácter, seguindo a miúdo unha sorte de plan programático. A sensación de descontinuidade é unha constante neste tipo de obras, podendo chegar a pensarse que a ordenación temática que fai o compositor é arbitraria e podería ser calquera outra.

O carácter episódico é, polo tanto, o que define o xénero, aínda que do estudo dos exemplos máis representativos se desprende a presenza de certos elementos que se poden considerar tópicos

[5] Luís Costa Vázquez (ed. e rev.): *A noite do Santo Cristo. Rapsodia galega para banda sinfónica. [de] Higinio Cambeses Carrera*, Santiago de Compostela, Igaem-Dos Acordes, 2007.

[6] Esta obra deriva da zarzuela homónima do mesmo autor, polo que poderiamos tamén cualificala como unha suite para banda de música, tal e como explica Javier Jurado. Véxase, ao respecto, Javier Jurado Luque: *A Lenda de Montelongo: A zarzuela galega como manifestación cultural multidisciplinar na conformación do nacionalismo galego* [tese de doutoramento], A Coruña, Universidade, 2010.

estilísticos, os cales Luís Costa define da seguinte maneira: inicio lento e maxestoso en *tutti*; solos melódicos sobre pedais de tónica-dominante, cunha clara evocación da gaita do país e as súas *tonadas*; pasaxes en ritmo lento de textura monódica, destacando os *alalás*; e, finalmente, o remate da obra cunha *muiñeira* de tensión dinámica e agóxica crecente[7]. Polo tanto, a beleza deste xénero musical non radica en aspectos formais, senón na súa sinxeleza, creando o instrumento perfecto para describir musicalmente a Galicia da época.

## *FOLLAS NOVAS*: DIFUSIÓN E PECULIARIDADES

A data de composición de *Follas novas* é unha incógnita que aparentemente non ten trazas de ser resolta xa que, como vimos antes, o propio compositor evitaba dar un momento concreto sobre a súa creación, seguramente porque el mesmo xa non se lembrase ou porque quixese envolver a súa rapsodia, xa dabondo coñecida naquel momento, cunha aura de misterio.

As primeiras referencias aparecen no ano 1920, nun programa de concerto do Cuarteto Sampablo, con motivo da actuación realizada na Sociedade de Recreo de Artesáns de Ourense o 15 de maio dese mesmo ano[8]. Isto dános a entender que existiu unha versión da obra para cuarteto de corda, o que suxire que quizais *Follas novas* non naceu como unha rapsodia para banda de música nos seus inicios. Porén, a existencia de versións para diferentes agrupacións dunha mesma composición era algo habitual que seguramente estaba relacionado coas posibilidades de difusión nun contexto cultural difícil; pode verse, por exemplo, no caso de varias das obras de Juan Montes, das que existen versión para banda, para cuarteto, para orfeón, para piano e voz, etc.[9]

Na entrevista de onde tiramos a cita coa que abriamos este estudo, o compositor achéganos algún dato significativo sobre a difusión de *Follas novas*:

> [...] Luis Brage, autor de la celebérrima rapsodia gallega «Follas Novas», le preguntamos si le reportaba muchos beneficios económicos.
> —Muchos. Pero más fuera de Galicia. En América, y, aunque te extrañe, en Francia. [...][10].

Desta forma, o propio compositor dános a coñecer a gran difusión e beneficios que lle proporcionaba a obra, non só en Galicia, senón tamén no estranxeiro. Reproducimos a continuación unha carta dirixida a Luis Brage que corrobora esta difusión da que o compositor fala. Recibiuna cando estaba vivindo en Ribadavia e nela un emigrante galego en América felicítao pola súa composición, dicindo:

> Enero 16 de 1930
>
> Sr. D. Luis Brage, Ribadavia
>
> Mi distinguido amigo: al emprender viaje hacia América, para donde llevo a nuestros hermanos un mensaje de cariño en la partitura «Follas Novas», no podría abandonar esta tierra sin enviarle un sa-

[7] Luís Costa Vázquez (ed. e rev.): *A noite..., op. cit.*

[8] *El Progreso. Semanario independiente,* Pontevedra,15-5-1920.

[9] Véxase a edición das obras de Juan Montes, a cargo de José López Calo: *Obras musicales de Juan Montes.* Vols. 7 e 8*: Obras vocales e instrumentales de inspiración popular,* [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, 1991-2004.

[10] *La Noche,* Santiago de Compostela, 7-12-1949.

ludo al autor de tan preciado mensaje, que lleva trozos de alma gallega en las melodiosas notas de la composición que es un canto a Galicia.

Vaya pues, mi querido amigo, un fuerte abrazo que lleva en él la misma inspiración por nuestra Galicia, que V. estampó en «Follas Novas», con la emoción que siente este corazón gallego.

Póngame a los pies de su distinguida esposa, muchos recuerdos a sus entusiastas y dignos componentes de la Banda, y V. reciba un fuerte abrazo de su amigo y admirador,

Juan Gallego[11]

En canto á obra en si, todas as características que definen o estilo compositivo de Luis Brage están presentes na composición e así o poderán comprobar aqueles que se decidan a analizar ou poñer no atril a partitura da presente edición. En canto aos tópicos estilísticos que definía Luís Costa, tamén podemos comprobar como todos están presentes excepto un: *Follas novas* non comeza cun inicio lento e maxestoso senón cun tema alegre e vivo que se corresponde coa famosa melodía galega titulada *Ei Vai!*, tema co que tamén remata a obra (precedido, iso si, da súa correspondente *muiñeira* final).

Esta excepción é a característica musical que diferencia a creación de Luis Brage de todos os demais exemplos do xénero rapsódico, un inicio diferente e único que non impide que esta rapsodia poida ser considerada como o auténtico paradigma do xénero dentro do conxunto da música galega.

## FONTES EMPREGADAS PARA A PRESENTE EDICIÓN

A pesar da gran difusión e popularidade que *Follas novas* experimentou dende que hai noticia da súa existencia, a única edición impresa da que temos constancia é para piano[12], aínda que non se pode descartar de entrada que houbera outras para outro tipo de agrupación. Esta versión pianística foi unha das fontes principais que tivemos en conta na revisión crítica, para realizar a presente edición, principalmente porque foi publicada cando o autor aínda vivía (entendendo que foi revisada por el mesmo) e porque supón unha redución clara e concisa das melodías e harmonías, sendo de grande utilidade no momento de aclarar dúbidas derivadas dos manuscritos para banda de música empregados e que describiremos deseguido. Podemos atopar a edición pianística na biblioteca da Deputación Provincial da Coruña ou no arquivo de partituras da banda de música La Lira, de Ribadavia.

A pesar da edición impresa para piano, a obra popularizouse na súa versión para banda de música e circulou, como xa dixemos, en manuscritos, copias e arranxos por moitas das bandas de música de Galicia. Despois de facer un exhaustivo rastrexo das obras de Luis Brage polos arquivos das bandas de música máis importantes da xeografía galega (destacando as de rango municipal), observamos que *Follas novas* estaba presente en practicamente a totalidade das agrupacións consultadas.

A calidade das copias atopadas era moi variada, dende arranxos rápidos e con multitude de erros, ata versións moi traballadas. En canto á autoría, non todas estaban asinadas, pero si as máis importantes e as de mellor calidade, que son precisamente as que empregamos para a presente edi-

[11] *El Noticiero del Avia. Órgano Oficial del Sindicato Católico Vitivinícola Comarcal del Ribeiro,* Ribadavia, 26-1-1930.

[12] Luis Rafael Brage Villar: *Follas novas* [Música impresa]*: rapsodia gallega d'o mestre Luis Braxe.* Cuarta edición [partitura]. Madrid, [s.a.]. Localizada na Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña.

ción. Os criterios de selección dos manuscritos responden, en primeiro lugar, á relación de proximidade (tanto temporal como espacial) dos copistas co propio compositor e, en segundo lugar, á calidade e claridade das partituras.

A primeira fonte que tivemos en conta, neste caso dende un punto de vista estrito, foron os poucos manuscritos que puidemos atopar do propio Luis Brage, os cales foron, moi ao noso pesar, tremendamente escasos. Contamos só coas partes de trompeta 2ª e caixa, atopadas nos arquivos da banda de música La Lira de Ribadavia e da banda Municipal de Lugo respectivamente[13]. Evidentemente, a sobriedade destas fontes non nos permitiu facer grandes progresos, aínda que mediante a parte de trompeta 2ª atopada en Ribadavia puidemos saber, con toda seguridade, a extensión exacta da peza e as tonalidades orixinais nas que Brage escribiu as diferentes partes da súa rapsodia (que, como veremos, non coincide co resto das fontes).

A segunda das fontes empregadas foi o manuscrito de Jesús Núñez, atopado tamén no arquivo da banda de música La Lira, de Ribadavia. En Ribadavia, vila ligada historicamente con Brage, pódense atopar, polo menos, tres copias de *Follas novas* feitas por distintas mans (sen contar a parte mencionada anteriormente do propio Brage), aínda que a única que presenta verdadeiro valor é a de Jesús Núñez, que, ademais de ser un dos músicos da Lira, foi o predecesor e sucesor de Brage no posto de director da banda, e presumiblemente o seu subdirector durante o tempo que aquel estivo no cargo.

Luis Brage chegou a Ribadavia como o substituto de José Antonio Veiga Paradís[14], aínda que, durante o curto período que vai dende a saída deste ata a chegada de Brage, atopamos nas actas do Concello de Ribadavia a seguinte información que nos clarifica a figura de Jesús Núñez:

> Leída una instancia del Director interino de la Banda de Música de esta villa D. José A. Veiga en la que solicita dos meses de permiso para poder ausentarse por motivos de salud se acuerda concedérsela y anticiparle la paga correspondiente a los dos meses con el fin de que disponga de los medios necesarios para atender a su restablecimiento, con cargo al capº 13, artº 9º[15].
> Se acuerda que durante la ausencia del Director interino de la banda de música, quede encargado de la misma D. Jesús Núñez[16].

Así mesmo, en 1936, cando Brage é destituído como director da banda de música, Jesús Núñez é nomeado o seu substituto, tal e como o relatan as actas municipais:

> Dirección de la Banda de Música «La Lira». Providencia de siete de agosto último destituyendo del cargo de director de la banda de música «La Lira», de esta villa a D. Luís Brage Villar por abandono

[13] Este papel de caixa escrito polo propio Brage foi atopado entre o material dunha versión pertencente probablemente a algún dos directores que pasaron pola agrupación lucense. Cabe destacar que no arquivo desta agrupación se atoparon manuscritos orixinais doutras obras de Brage, o que nos leva a pensar que quizais nalgún momento contasen tamén cunha versión orixinal de *Follas novas*.

[14] Nacido en Tui, comezou os seus estudos musicais no seo da catedral desa vila e continuonos máis tarde en Nova York. De volta a España, destacou pola dirección de bandas de música civís e militares, pola composición de obras musicais e polo seu labor como periodista musical e musicólogo.Véxase, ao respecto, Juan Bautista Varela de la Vega: «Veiga Paradís, José Adolfo [sic]», en Emilio Casares (dir.), *Diccionario de la música española e hispanoamericana*, Madrid, Fundación SGAE, 1999-2002. Vol. 10, p. 786.

[15] Actas Concello de Ribadavia (en diante A.C.R.). Sesión ordinaria do día tres de xuño de 1929: *Licencia al director interino de la Banda de Música y Giro de dos meses de sueldo.*

[16] A.C.R. Sesión ordinaria do día tres de xuño de 1929: *Substitución del director interino de la Banda.*

> inmotivado del destino y por su actuación francamente opuesta al Movimiento Militar Salvador de España y nombrando para substituirle interinamente con todas las obligaciones y derechos del destituido a D. Jesús Núñez, que venía desempeñando el cargo de subdirector. Entrega a dicha colectividad de los instrumentos y atriles que había depositado en este Ayuntamiento el dieciocho de mayo último, así como el archivo municipal que se haya en el local de ensayo y concederle todos los beneficios que venía disfrutando con las recíprocas obligaciones establecidas por el Ayuntamiento, percibiendo la gratificación de dos mil pesetas anuales que figura en el presupuesto[17].

Desta forma queda máis que probada non só a relación que había entre Brage e Núñez dende un punto de vista persoal, senón tamén no ámbito musical, pois Núñez seguiu exercendo o seu cargo de músico mentres Brage foi director. Polo tanto, entendemos que as copias de *Follas novas* que se conservan e levan a sinatura deste músico poderían estar avaladas polo propio Brage, aínda que non temos forma de saber se a copia se fixo antes, durante ou despois do período de Brage como director da agrupación, pois os manuscritos, se ben presentan a sinatura de Núñez, non nos din nada sobre a data en que foron realizados.

De calquera xeito, o material conservado no arquivo da banda La Lira coa sinatura de Jesús Núñez foi empregado para a realización da presente edición. Este material, que non está completo, atópase en moi boas condicións de conservación. Non se atopou o guión ou partitura xeral, e as partes conservadas, escritas en papel pautado horizontal tamaño folio e a dúas caras, son as seguintes: requinto, clarinete 1º, saxofón barítono, cornetín 1º (incompleta), fliscorno 1º, fliscorno 2º, trompa 2ª (incompleta), trombón 2º, trombón 3º, baixo, caixa e bombo. Así mesmo, consérvanse tamén dúas páxinas que se corresponden co final de dúas partes distintas, as cales non puidemos identificar. A sinatura de Jesús Núñez está presente soamente nas partes de requinto e clarinete 1º, pero a caligrafía do resto dos manuscritos é a mesma que a daquelas dúas.

A segunda fonte empregada foi o manuscrito de Mónico García de la Parra[18]. Estamos ante un arranxo de *Follas novas* feito polo que foi director da Banda de Música Municipal de Vigo entre 1913 e 1957 (aínda que foi nomeado o 20 de decembro de 1912), quen reorganizou a agrupación e a converteu nunha das máis importantes do panorama bandístico da época durante o que se pode considerar o período de máximo esplendor da formación[19].

Sabemos que Brage estivo traballando en Vigo entre os anos 1923 e 1929, polo que resulta coherente pensar que existiu algún tipo de relación entre Mónico García de la Parra e o propio Brage. Desta forma, a elección do manuscrito de Parra como unha das fontes empregadas na presente edición vén xustificada por esta coincidencia temporal e espacial, pois, se ben é certo que o manuscrito non presenta ningunha data que nos diga cando foi realizado e cabe a posibilidade de que fose feito despois de 1929, si podemos, cando menos, pensar que a relación existente entre estes dous mú-

---

[17] A.C.R. Sesión do día 30 de decembro de 1936.

[18] Compositor e director musical. Profesor de harmonía no Conservatorio de Madrid e académico da Academia de Bellas Artes de San Fernando, obtivo por oposición a praza de director da Banda Municipal de Vigo en 1912; desenvolveu un brillante labor á fronte desta ata 1957, cando se xubilou. Escribiu diversas composicións para piano, relixiosas e moi especialmente para banda. Autor, así mesmo, de numerosas cancións, pertenceu á Sociedade Didáctico Musical de Madrid. Véxase, ao respecto, Antonio Iglesias: «García de la Parra Téllez», en Emilio Casares (dir.), *Diccionario de la música española e hispanoamericana*, Madrid, Fundación SGAE, 1999-2002. Vol. 5, p. 440.

[19] Asterio Leiva Piñeiro: «A banda municipal de Vigo no cambio de século: 1883-1912», en Monserrat Capelán, Luís Costa Vázquez, Javier Garbayo Montabes e Carlos Villanueva (eds.), *Os soños da Memoria. Documentación musical en Galicia: metodoloxías para o estudio.* [actas], Pontevedra, Deputación, 2011, pp. 386-407.

sicos fixo que Mónico García de la Parra coñecese *Follas novas* da man do propio Brage. Ademais, no arquivo de partituras da Banda de Música Municipal de Vigo atopáronse máis obras do autor de *Follas novas*, nalgún caso resultando ser o manuscrito orixinal (referímonos á xota de concerto *A Carrapucheiriña)*, polo que a relación de Brage coa agrupación e o seu director resulta evidente.

Actualmente a Banda Municipal de Vigo non existe e o seu arquivo de partituras atópase depositado nas dependencias da casa consistorial da cidade. Alí foron atopadas dúas versións de *Follas novas* en dous atados de partituras diferentes, un coa versión de Mónico García de la Parra e outro que probablemente sexa posterior, aínda que non hai ningún dato que no lo certifique.

O material de Parra atópase en excelentes condicións, e consérvase a partitura xeral, escrita en papel pautado vertical tamaño folio e a dúas caras así como as diferentes partes, tamén a dúas caras e en papel pautado tamaño folio, pero en horizontal. As partes conservadas son as seguintes: frauta 1ª, frauta 2ª, óboe, fagot, requinto, clarinete principal, clarinete 1º*A*, clarinete 1º*B*, clarinete 2º*A*, clarinete 2º*B*, clarinete 3º*A*, clarinete 3º*B*, clarinete baixo, saxo alto 1º, saxo alto 2º, saxo tenor 1º, saxo tenor 2º, saxo barítono, trompeta 1ª, trompeta 2ª, fliscorno 1º, fliscorno 2º, trompa 1ª, trompa 2ª e 3ª, trombón 1º, trombón 2º e 3º, trombón 3º, trombón baixo, bombardino 1º, bombardino 2º, baixo 1º, baixo 2º, caixa, bombo, timbais, gaita 1ª*A*, gaita 1ª*B*, gaita 2ª*A* e gaita 2ª*B*.

A partitura xeral presenta unha portada onde se di claramente que o arranxo é de Mónico García de la Parra. Está completo, pero as dúas últimas páxinas presentan unha caligrafía musical posterior, seguramente porque as páxinas do transcritor orixinal se perderon e foron reelaboradas posteriormente, aínda que se poden considerar tamén de Parra porque coinciden literalmente coas partes conservadas.

En canto ás partes, non están asinadas polo transcritor, pero tanto a caligrafía literaria como musical coinciden totalmente coas da partitura xeral, polo que podemos afirmar que, sen dúbida, se trata tamén da man de Mónico García de la Parra. No que se refire á parte de fagot, parece feita por unha man distinta, pero reproduce de forma literal o que está escrito na partitura xeral. Desta mesma man serían dúas copias adicionais que aparecen no medio do atado correspondentes ás partes de clarinete 1º e baixo. Por último, tamén apareceu material adicional de gaita e saxo soprano, escrito por unha terceira man nun momento presumiblemente moi posterior á transcrición de Parra.

Xa para finalizar coa descrición das fontes empregadas nesta edición, imos facer referencia a dous manuscritos que, se ben non empregamos dunha forma directa, si que os tivemos en conta para solucionar algunhas das incoherencias que foron xurdindo tanto na versión de Jesús Núñez como na de Mónico García de la Parra. O primeiro destes manuscritos é o que se conserva no arquivo da banda de música de Arcade (Pontevedra), unha copia que data do ano 1939 e está asinada por Manuel Lourido, seguramente un músico do municipio de Cedeira (A Coruña), tal e como nos indica a lenda da súa portada. En canto ao segundo, trátase dunha copia conservada no arquivo da banda de música de Castrelo (Cambados) e asinada en 1957 por Ángel Padín, un músico desta agrupación que durante toda a súa vida foi o encargado de garantir a continuidade histórica desta banda[20].

## CRITERIOS DE EDICIÓN E REVISIÓN

A partir dos materiais que acabamos de describir, o proceso seguido para a elaboración da presente edición crítica de *Follas novas* comprende dous momentos ben diferenciados. O primeiro consistiu na edición dos textos musicais tal e como se atopan nas fontes, partindo do pouco que se

[20] Luís Costa Vázquez (ed. e rev.): *A noite..., op. cit.*

conserva do propio Brage, seguido da copia de Jesús Núñez e, finalmente, completado coa transcrición de Mónico García de la Parra. Neste proceso prestamos especial atención aos posibles erros que as fontes podían conter, os cales foron moi puntuais e bastante doados de corrixir.

Así mesmo e tamén neste primeiro momento, atopámonos cun problema inicial de bastante importancia, a tonalidade da obra, xa que ningunha das fontes empregadas coincidía a este respecto. Para comezar, a tonalidade xeral da versión para piano (Do Maior) non coincidía coa tonalidade xeral das versións para banda de música (Si bemol Maior). Xa dentro destas versións para banda, observamos que, aínda que a tonalidade inicial era a mesma en todos os casos, internamente a obra ía cambiando de ton, e estas modulacións non coincidían en ningunha das versións, nin no lugar nin na nova tonalidade. Finalmente, optamos por respectar o criterio do propio compositor e empregar as tonalidades escollidas por Brage tal e como se observan na parte conservada de trompeta segunda. En consecuencia, neste momento de edición dos textos musicais e no se que refire ás versións de Núñez e Parra, transcribímolas directamente á tonalidade final (a orixinal de Brage recollida na parte de trompeta 2ª), o que implicou o transporte dos textos musicais e, nalgúns casos, a adecuación de alturas e rexistros nos instrumentos que coa nova tonalidade quedaban situados en lugares complexos ou imposibles de ser executados.

O segundo momento deste proceso de elaboración consistiu nunha revisión pormenorizada que tivo lugar en tres planos distintos: primeiro, unha necesaria reelaboración da instrumentación aínda que respectando sempre o máximo posible as fontes orixinais; segundo, a creación dun plantel instrumental que se corresponda co orgánico das bandas de música actuais, para o que foi necesario engadir instrumentos que non estaban presentes nos orixinais; e terceiro, a homoxeneización de articulacións, dinámicas e valores, que resultaban con frecuencia contraditorios en partes similares.

Os criterios que tivemos en conta no primeiro nivel de revisión citado anteriormente parten duns principios básicos que entendemos que todas as composicións para banda de música destas características (enténdase en termos históricos de tradición e época) deben cumprir: ter unha melodía principal, contrapuntos se proceden (segundo as características de cada sección da obra) e un acompañamento harmónico, onde destaquen os baixos.

Desta forma, o primeiro dos obxectivos foi fuxir da densidade harmónica tan típica daquela época, buscando un verdadeiro equilibrio entre os parámetros que acabamos de mencionar. Para iso foi necesaria unha redistribución do material entre as partes e instrumentos para conseguir unha maior claridade e, tamén, porque existen certas partes que deben ter un peso similar. Por último, decidiuse xogar cos timbres e combinacións orgánicas dos instrumentos, refacendo nalgún caso o papel que estes desempeñaban na obra e proporcionando material xa existente a outros instrumentos. Con todo, a premisa principal era non desvirtuar en ningún momento o material orixinal procedente das fontes históricas empregadas, principalmente o pouco conservado da propia man de Luis Brage.

No que se refire ao segundo nivel, creamos un novo plantel cunha orgánica moderna, co obxectivo de adaptar unha peza histórica ás características actuais da formación para a que foi composta, a banda de música, que hoxe en día vai camiñando cara a unha sonoridade sinfónica.

Para conseguir cumprir este obxectivo foi necesario, polo tanto, engadir os seguintes instrumentos: piccolo, fagot, clarinete baixo, violonchelo e contrabaixo (o que achega unha sonoridade máis sinfónica), timbais e lira. Ademais engadiuse unha terceira trompeta e eliminouse o trombón baixo e o bombardino segundo para contribuír a conseguir o equilibrio de que falabamos anteriormente. No caso das trompas, foi necesario transportar as partes orixinais por razóns históricas, xa que naqueles tempos eses instrumentos estaban afinados na tonalidade de Mi bemol e actualmente

están na tonalidade de Fa, polo que directamente escribimos o papel de trompa nesta última tonalidade. Por último e con respecto ao orgánico, cabe a posibilidade de prescindir destes novos instrumentos sen desvirtuar a obra, xa que entendemos que non todas as agrupacións, sobre todo as de carácter máis popular, contan co plantel orgánico ao completo.

Finalmente, no tocante ao terceiro nivel, levamos a cabo un complexo e meditado traballo de homoxeneización de articulacións, dinámicas e valores xa que resultaban contraditorios nas diferentes fontes empregadas. Para dotar esta edición dun maior valor documental, partimos sempre das articulacións e dinámicas que o propio compositor estableceu nos dous manuscritos que se conservan e, tamén, na edición da obra para piano, aínda que tendo sempre en conta que as características do piano en canto a articulación nada teñen que ver coas características dos instrumentos que conforman unha banda de música.

Queremos facer mención tamén, xa para concluír, ás indicacións metronómicas que se poderán observar nesta edición. Estas non están presentes nas fontes que empregamos, soamente as indicacións xenéricas de tempo e carácter, as cales resultan ás veces problemáticas, tanto á luz da tradición interpretativa como da propia natureza do discurso musical. Anotamos, polo tanto, uns valores metronómicos que responden a criterios de coherencia e co fin de achegar luz a posibles interpretacións da obra fóra do contexto galego.

Tendo en conta todas as cuestións que acabamos de comentar, realizamos a presente edición de *Follas novas* co desexo de que a partir de agora a súa difusión e interpretación resulte máis fácil e, tamén, para facer que unha das obras máis representativas de Luis Rafael Brage Villar e do repertorio galego para banda de música goce dunha edición impresa que consideramos que hai tempo que debería existir.

Rematamos cunha cita do propio Brage, novamente tirada da entrevista que xa mencionamos ao longo deste traballo, unha cita que amosa o porqué da súa música e que, a pesar de que xa pasaron máis de 60 anos dende que Brage a pronunciou, poderiamos perfectamente aplicala aos nosos días:

> Debe hacerse campaña para que las entidades culturales de Galicia tomen a su cuidado la conservación de nuestra música folclórica. Hay que sobreponerse con entusiasmo a la apatía. Porque la alegría y el espíritu de Galicia, está en su música[21].

## AGRADECEMENTOS

Realmente non hai outra verdade: a ledicia e o espírito galegos atópanse en boa parte na súa música, e, por iso, non podo máis que subscribir as palabras de Luis Brage, a quen lle temos que estar moi agradecidos por todo o que fixo pola música galega e pola súa difusión. Esta edición non é máis que unha mostra de agradecemento e afecto á súa persoa.

Porén, eu completaría a frase dicindo: e tamén aos seus músicos. Todos os que nos dedicamos á música contribuímos a conservar este espírito ledo que marca as nosas melodías; e todos os traballos de recuperación do repertorio tradicional galego son froito da unión de moitas forzas. Compositores, musicólogos, intérpretes, mestres de música, informantes... todos eles contribúen a facer real a cita de Brage creando unhas perspectivas de futuro para este eido moi alentadoras. A todos lles

[21] *La Noche,* Santiago de Compostela, 7-12-1949.

debemos estar agradecidos, pois este bo facer contribúe a que o desinterese duns poucos non poida coa ilusión e o traballo de moitos.

No caso particular desta edición tamén se produce a unión de forzas que mencionamos anteriormente. Aínda que o groso do traballo pertence ao que escribe estas liñas, sería indecoroso pola miña parte non lembrarme dunha persoa cuxo labor foi indispensable para acadar o resultado musical final. Trátase de Ángel Antonio Montes Abalde, gran compositor e mellor persoa (e viceversa), quen me apoiou e me aconsellou nas cuestións referentes á orquestración da obra. Ángel Montes é, sen lugar a dúbidas, unha das persoas que mellor coñece o funcionamento dunha banda de música, algo que se reflicte no seu excelente traballo como compositor para este tipo de agrupación. Todas as horas que dedicou a revisar a partitura comigo foron para min de gran valor, pois considéroas auténticas leccións maxistrais de organoloxía e orquestración que nunca máis esquecerei. Para el vai o meu máis sincero agradecemento: pola axuda, polo limiar e pola amizade.

Tampouco me quero esquecer das agrupacións que me proporcionaron os materiais manuscritos que se converteron nas fontes para esta edición. Moitas grazas, polo tanto, á Banda Municipal de Lugo; ao Concello de Vigo, por deixarme acceder ao arquivo da desaparecida banda municipal; á banda de música de Arcade; e á banda de música de Castrelo de Cambados.

Tamén se fai necesario mencionar unhas persoas que poderían ter esquecido o seu pasado e non o fixeron. Estou falando, evidentemente, dos herdeiros do compositor, os seus tres netos, que sempre apoiaron e alentaron o meu traballo sobre o seu avó. En especial a Lluís Ballester Brage, herdeiro dos dereitos de autor e quen nunca puxo ningún inconveniente para a edición. Moitas grazas a Ramón, Rosa e Lluís Ballester Brage. A difusión da obra do voso avó non fixo máis que comezar.

Finalmente, quero deixar patente o meu agradecemento ao Consello da Cultura Galega e, en especial, ao coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas, Maximino Zumalave Caneda, por ter acollido a idea e facer desta edición unha realidade.

Seguramente o lector botaría en falta a referencia nos agradecementos ás agrupacións depositarias dos materiais empregados nesta edición a unha banda de música en concreto, a da vila de Ribadavia. Deixo esta agrupación para o final, pois non só lles quero agradecer á axuda prestada senón que quero tamén dedicarlles este traballo. A banda de música La Lira, de Ribadavia, sempre será a miña banda, unha agrupación que contribuíu notablemente á miña formación como músico e musicólogo, e tamén como persoa. Parafraseando a Brage na dedicatoria que fai da súa obra *Boris*, conclúo dedicando a presente edición aos meus benqueridos amigos de La Lira, en agradecemento polo vivido ata agora e desexándolles o mellor dos porvires.

A Cañiza, 31 de xullo de 2014




Cuberta da edición para piano de *Follas novas,* Casa Erviti, San Sebastián / Logroño, 193-? [En cub.: Depositario Puig y Ramos, S.L. Sucesores de Canuto Berea].

# *FOLLAS NOVAS*

## *RAPSODIA GALEGA PARA BANDA SINFÓNICA*

Luis Rafael Brage Villar

*Pra miña nai co'ayalma*

# Follas Novas

## Rapsodia Galega para Banda Sinfónica

Luís Rafael Brage Villar

Edición e revisión: David Ferreiro Carballo (2014)




Follas Novas
Allegro (♩ = 120)
Menos (♩ = 84)
18
rit.
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Senza sord.
Tpt. 1.
Senza sord.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
Pratos
P.1.
P.2.
Bombo
Pandeireta
Tradicional


Follas Novas
33
1.
2.
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Bombo

# Follas Novas




Follas Novas
58
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
ff
mf
Senza sord.
Sobre parche
Pratos
Bombo

# Follas Novas




Follas Novas
83
1, 2.
3.
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Triángulo

*Follas Novas*




Follas Novas
Andante Moderatto
(♩.= 44)
111
1, 2.
3.
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Solo
Maza en prato
pp
mp
mf

# Follas Novas




Follas Novas
133
Menos (♩. = 40)
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Solo
Con sord.
mf
p


Follas Novas
145
Allegretto (♩. = 66)
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Senza sord.
Con sord.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Sobre prato
Cx.
Pandeireta Tradicional
P.1. P.2.
Triángulo


Follas Novas
Molto Moderatto (♩. = 40)
157
1.
2.
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Senza sord.
Senza sord.

# Follas Novas




Follas Novas
183
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
f
Bombo
Maza en prato
Bombo
Maza en prato
Bombo
Maza en prato

# Follas Novas




Follas Novas
207
Moderatto (♩ = 100)
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Triángulo
Maza en prato

*Follas Novas*




Follas Novas
231
rit.
Molto Moderatto (♩ = 50)
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Solo
Con sord.
Bombo

# Follas Novas




Follas Novas
252
Lento (♩ = 40)
1.
2.
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Solo (2° vez)
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Con sord.
Tpt. 1.
Con sord.
Tpt. 2 e 3.
Solo (1° vez)
Os dous
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Pratos
Bombo

# Follas Novas



## *Follas Novas*




Follas Novas
283
Moderato Lento (♩= 56)
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Pratos
Bombo


Follas Novas
Allegro Moderatto
(♩. = 90)
296
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Con sord.
Con sord.
Bombo


Follas Novas
308
rit.
Molto Moderatto
(♩. = 50)
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Senza sord.
Senza sord.
Maza en prato
mf
p


Follas Novas
320
Allegretto-Muiñeira
( ♩. = 120)
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
Un por voz.
Sobre prato
Pratos
Bombo

*Follas Novas*




Follas Novas
Allegro (♩ = 130)
341
Picc.
Fr. 1 e 2.
Ob.
Fg.
Req.
Cl. Pral. e 1.
Cl. 2 e 3.
Cl. B.
Sx. A. 1 e 2.
Sx. T. 1 e 2.
Sx. B.
Tpt. 1.
Tpt. 2 e 3.
Flis. 1 e 2.
Tpa. 1.
Tpa. 2. e 3.
Tbn. 1.
Tbn. 2 e 3.
Bdn.
Tuba
Vc.
Cb.
Tim.
Lira
Cx.
P.1.
P.2.
ff

## *Follas Novas*